



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

### **CONVOCATORIA**

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 28 de xaneiro de 2021, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 29 de xaneiro de 2021.

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 29 de xaneiro de 2021 ás 13:45 horas, en primeira convocatoria, e procederáse en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 22.12.2020.**
- 2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000003**
- 3. PROPOSTA APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2020-3**
- 4. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DA ANUALIDADE 2020 E ABONO DO ANTICIPO DO AÑO 2021 DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA 2020-2023**
- 5. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2020**
- 6. DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 40/2021 DE 25.01.2021 SOBRE SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN NO PROCEDIMENTO EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 1/2010, DIMANANTE DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 238/2002**
- 7. ASUNTOS VARIOS**



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*

*C.I.F.: P-1502200-G*

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, tendo en conta que a Xunta de Goberno Local realizarase por medios telemáticos, remitiráselles ós concelleiros a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día por correo electrónico.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.